




Alberto Vilas
quartet



“Unha persoa é persoa a través das outras persoas. [...] Eu só podo ser se ti es totalmente. [...] Eu son porque nós somos. [...] Quen ten ubuntu é aberto e está a disposición dos demais, apoia aos demais, non se sente ameazado porque outros sexan capaces e bos facendo algo, porque está seguro de si, sabedor que pertence a un gran todo...” *Desmond Tutú.*

“UBUNTU” é unha palabra das linguas indíxenas sudafricanas zulú e xhosa, que alude nesas culturas tradicionais unha dimensión ético-moral da convivencia baseada no respecto mutuo, a empatía e a colaboración libre, aberta, valente e sincera entre as persoas.

“UBUNTU” é o terceiro traballo discográfico do Alberto Vilas Quartet e, pola súa riqueza, calidade e madurez, alimenta no máis principal o repertorio que esta interesante formación ofrece nos seus concertos neste ano 2016.

“UBUNTU”, rexistrado no verán de 2015, publicado nos últimos días de febreiro de 2016 e que agora se presenta en xira ao público, é un paso máis, dentro, arredor, adiante e arriba, na traxectoria en conxunto e na de cada unha das personalidades que conflúen no Alberto Vilas Quartet.

Estas son, naturalmente, Alberto Vilas, compositor, líder “ubuntu”, quen reúne e tece de man ao piano, coas súas propias, a creatividade e a sabedoría instrumental, as ideas e voces dos demais; Rosolino Marinello, con toda a vibración melódica do Jazz Moderno alentando nos saxos alto e soprano; a harmonía en perspectiva, a lixeireza firme latexando no baixo de Juansi Santomé; o pulo rítmico e a variedade de timbres de Javier Barral na batería, e a contribución nun instantes especiais da voz de Diana Tarín, cantante cubana afincada entre nós que enriquece o grupo coa tradición vocal do Jazz e coa súa herdanza afro-caribeña; unhas vimbias trezadas nun diálogo que é melodía e ritmo confundidos: Jazz...

Música tanto de perfís sutís e lixeiros como tamén fondos e intensos, que flúe natural e limpa, transparente, e vai á alma. Nela a singularidade dunha xenuína expresión jazzística é o vehículo dunha exquisita sensibilidade melódica, por veces misteriosa, as máis luminosa; sempre suxestiva nunha evocación impresionista de atmosferas, momentos, lugares e historias, reais ou imaxinados. E esa música, fermosa e nobre, palpitante, delineada con delicadeza polo Alberto Vilas compositor, nola entrega o Alberto Vilas pianista emotivo e rigoroso, sempre coa complicidade, do Alberto Vilas Quartet, nunha continuidade desde 2009 que está na base da súa evolución, da coherencia desta e da súa xa inconfundíbel personalidade sonora.

Porque, como aconteceu con algúns grandes na historia do xénero, a contribución máis importante de Alberto Vilas ao Jazz véñse dando dentro deste Alberto Vilas Quartet.

Nacido quinteto, o seu primeiro disco "Experianza", editouse en 2011. De entón a hoxe a difusión e recoñecemento¹ do seu traballo foise incrementando, nomeadamente logo de, en 2014, editar o seu segundo traballo, "Crónica cromática". A participación en eventos como o Via Stellae, Nigranjazz, o Festival Internacional de Jazz de Lugo, o Festival Internacional de Jazz de Pontevedra ou o Imaxinasons de Vigo; unha xira de ámbito estatal coa AIE e outras moitas presenzas nos escenarios dan conta non só daquela valoración da crítica senón da excelente acollida que o público xa viña dispensando a esta formación.

Compartida e aberta, persoal e íntima, a música "ubuntu" do Alberto Vilas Quartet, que el inspira e anima, o seu segundo instrumento construído e pulsado colectivamente, estríbese nos soños de son que deita no primeiro: o piano.

Alberto Vilas é iun dos cultivadores máis interesantes do Jazz en Galicia no momento presente. Como tal, está a contribuír decisivamente á vitalidade que o xénero mostra entre nós nos últimos tempos. De feito, fai parte, xunto con outros nomes ben coñecidos, da

colleita máis recente e numerosa de artistas galegos nese xeito de expresión musical: a que, caracteristicamente, tivo como catalizador e principal territorio común de partida o Seminario de Jazz de Pontevedra e, nel, o maxisterio de Abe Rábade e Paco Charlín. Desde esa matriz, coa referencia inicial do Hard Bop como padrón clásico, dentro da corrente, na súa versión máis europea, do que o gran crítico alemán Joachim Ernst Berndt chamou "clasicismo", varios dos seus integrantes van construíndo unha voz propia.


E nese forxar unha voz propia, algo consubstancial á creatividade nesa arte mestiza que é o Jazz, a de Alberto Vilas é, sen dúbida, como a crítica vén recoñecendo, das máis orixinais e sólidas.

Orixinal por viva, por enxertada na sensibilidade contemporánea, por modelada en melodías fermosas e ben definida que a fan chegar a un público que na súa aceptación e sintonía coa música do Alberto Vilas Quartet excede aquel identificado á partida co Jazz e que se deixa levar da súa man a un territorio sonoro sorprendente e que deixa un eco na memoria e o sentimento.

Sólida pola súa inspiración, polos materiais en que se expresa; polo "ubuntu", colectivo que lle dá vida e que é toda unha proposta de conciencia común.

E así, como pechando un círculo, o Jazz que unha ten parte das súas raíces en África, que medra no equilibrio fértil do individual e o colectivo, faise actual e noso, directo e accesible a todos, idioma común e chamada á convivencia humana na proposta do Alberto Vilas Quartet.

Por iso este é un momento privilexiado para programar a súa música, para propoñer ao público a experiencia en directo de ver florecer unha arte universal, o Jazz, entre nós, ao xeito noso, e isto da man dun músico, duns músicos, que xa non encarnan unha promesa senón unha realidade madura e gozosa: "UBUNTU".



inesportela@madapro.gal

(+34) 690.105.217